

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 10 DE SETEMBRO DE 1996.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día dez de Setembro de mil novecentos noventa e seis; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.-  
Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan selos seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 2 de Setembro.

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.

**3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-**

NESTE INTRE, O CONCELLEIRO DON AMANDO MARTINEZ DEAÑO, ABANDO A SESION, POR SER PARTE INTERESADA DA OBRA QUE DE SEGUIDO SE VAI A TRATAR EN COMISION.

Visto o escrito presentado por Amando S.A., no que interesa lle

sexa devolto o importe dunha fianza constituída no seu día coma consecuencia da realización da obra denominada " Reforma do Alumeado Público en San Paio (1ª Fase)", por importe de 240.000 pesetas, e vista tamén a correspondente certificación de fin de obra asinada polo técnico competente e demais documentación técnica, esta Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda a devolución da devandita fianza.

UNHA VEZ TOMADO O ACORDO ANTERIOR, REINCORPORASE O CONCELLEIRO SR. MARTINEZ DEAÑO A PRESENTE SESION.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

Do Ministerio de Medio Ambiente, comunicando resolución de expediente sancionador ES-(V)-OR-109/95, incoado pola Confederación Hidrográfica do Norte contra o Concello de Ribadavia, por verquido de augas residuais procedentes da zona da área recreativa de San Cristovo, ó río Avia, sen contar coa preceptiva autorización administrativa, no término municipal de Ribadavia.- A Comisión Municipal de Goberno, de acordo cos informes obrantes, por unanimidade, acorda interpoñer recurso contencioso-administrativo e, nomear avogado defensor neste concreto caso en defensa dos intereses do Concello a Don Angel Pazos Huete.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó Convenio entre o Ilmo. Concello de Ribadavia e a Asociación Cultural Ribeiro para o uso das instalacións deportivas municipais.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura relativa ó quilometraxe presentada por Don José Manuel Deaño Carballal, correspondente ó mes de Xuño, por importe de 14.856 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aboar a Camoeiras Espectáculos Artísticos o seguinte: o completo aboamento do contrato de espectáculos das Festas do Portal 1995, por importe de 1.834.000 pesetas; tamén se acorda, por unanimidade o completo aboamento do contrato de espectáculos da

Feira do Viño 1996 por importe de 2.082.800 pesetas, por último, acordáse o aboamento a conta do contrato de espectáculos Festa do Portal 1996, por importe de 1.083.200 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento a Don José Puga Alonso, por servicios extraordinarios prestados fóra da súa xornada laboral na Casa da Cultura, que representan un total de 71 horas, durante o periodo comprendido entre o 28 de Xuño e o 12 de Xullo de 1996, a cantidade de 54.075 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación á factura presentada polo Taller de reparación "Mundo y Gándara, S.L." de Ribadavia, pola reparación das canastas da Picuxa, por un importe de 543.088 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación a dúas facturas, unha presentada por "Rigel S.L."- Sistemas de Seguridade de Ourense, por importe de 310.880 pesetas por instalación de sistema de seguridade anti-roubo no Grupo escolar e outra presentada polo Taller "Mundo e Gándara S.L." de Ribadavia, por importe de 301.600 pesetas, por reparación de cerres e portas na concentración escolar, ós efectos de que se remitan á Excma. Deputación Provincial de Ourense para o seu aboamento.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación á certificación nº 1 da obra denominada "Rehabilitación da Casa do Concello", que abrague acopio de materiais e honorarios facultativos, por importe de 10.000.000 pesetas, acordando ó mesmo tempo remitila á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, para o seu aboamento.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación á factura presentada por Rotulación Miguelez, por importe de 1.015.000 pesetas, por montaxe da Mostra Internacional de Teatro 1996, en virtude do acordo acadado por este mesmo órgano o 8 de Xullo pasado.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación á factura presentada pola Empresa Eléctrica de Melón S.L., pola cantidade de 853.403 pesetas, correspondente á subministración de enerxía eléctrica a Edar de Francelos, a cal se desglosa do seguinte xeito: Decembro 1995, 254.637 pesetas; Xaneiro de 1996, 309.375 pesetas; Febreiro de 1996, 289.391 pesetas.- Así mesmo tamén se presta aprobación á cantidade de 105.559 pesetas, presentada pola mesma Empresa, en concepto de

aboamento das facturas correspondentes á subministración de enerxía eléctrica a Prexigueiro correspondente ó período de Novembro a Decembro de 1995, por importe de 105.559 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aproba-la liquidación provisional de subministración de enerxía eléctrica a edificios e instalacións municipais correspondente ó ano 1995 a Unión Fenosa, por importe de 4.236.232 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-las memorias denominadas "Reparación Edificios Municipais" e "Entornos Naturais" ó obxecto de solicita-la correspondente subvención ó abeiro do Convenio de colaboración entre o INEM e mailas Corporacións Locais, de acordo coa Orde de 2 de Marzo de 1994.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aboar á Asociación Coordinadora Festa da Istoria, a cantidade de 1.000.000 pesetas, con cargo á subvención recibida da Consellería de Cultura para a organización da Festa da Istoria 1996.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a adhesión do Concello de Ribadavia como Socio Promotor do "Grupo de Desenrolo Rural da Comarca do Ribeiro" para así acollerse ó Programa Operativo PRODER segundo Resolución do 4 de Xullo de 1996 da Dirección Xeral de Estructuras Agrarias.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda convoca-lo concurso público por procedemento aberto en vía de urxencia para a prestación de servizos deportivos durante 1996/97 nas actividades físicas e deportivo-recreativas de ximnasia rítmica e aerobio na Escola Municipal; así mesmo, este órgano, por unanimidade, aprobou o Prego de Condicións que rexerán a contratación e que se expón ó público polo período de catro días naturais, contados a partir do seguinte ó da publicación deste Anuncio no B.O.P.:

**"PREGO DE CONDICIONS PARA A PRESTACION DE SERVICIOS DEPORTIVOS DURANTE 1996/97 NAS ACTIVIDADES FISICAS E DEPORTIVO-RECREATIVAS DE XIMNASIA RITMICA E AEROBIC NA ESCOLA MUNICIPAL.-**

1º.- OBXECTO. O obxecto do presente contrato é a prestación de servizos de profesores para as actividades físicas e deportivo-recreativas programadas polo Concello de Ribadavia, relativas a

Ximnasia Rítmica e Aerobic segundo se especifica no Anexo I.

2º.- FORMA DE ADXUDICACION E CARACTER DO CONTRATO.- E o concurso por procedemento aberto, de acordo cos artigos 74, 75 e 209 da L.C.A.P.

Dada a urxencia da contratación, os prazos de licitación reduciranse á metade, publicándose o anuncio de forma inmediata no taboleiro de anuncios do Concello, lugares de costume e no B.O.P.

Os adxudicatarios non adquirirán a condición de funcionario, nin a súa relación co Concello será laboral, entendéndose este contrato a tódolos efectos como contrato administrativo de servizos.

3º.-DURACION DO CONTRATO.- Dende a súa adxudicación ata o 30 de Xuño de 1997, a excepción dos períodos vacacionais do Nadal, dende o 22 de decembro de 1996 ata o 12 de Xaneiro de 1997, e de Semana Santa, dende o 23 de Marzo de 1997 ata o 30 de Marzo de 1997.

4º.- PREZO DO CONTRATO.- Será a resultante das actividades realizadas ó prezo que se determina no anexo I, cun importe máximo de X. Rítmica 900.000 pesetas; Aerobic 650.000 pesetas.

5º.- CONTIDO DO SERVICIO.- Quen resulte adxudicatario comprométese a realiza-los seguintes servizos.

Mestres: Atendendo ás directrices marcadas pola dirección do servizo municipal de deportes, encargaráse das seguintes funcións:

- Presencia no lugar da actividade ó menos 15 minutos antes do comenzo das clases, no desempeño das funcións propias da especialidade: revisión da instalación, materiais, listados e resto das necesidades para o desenrolo normal da clase.
- Elaboración da programación técnica segundo a especialidade.
- Recolleita de datos e documentación para o control dos alumnos.
- Estar ó día respecto as disposicións relativas a normas e especificacións técnicas.
- Colaborar na elaboración de calendarios e confección de horarios coa dirección do Servizo Municipal de Deportes.
- Informar a quen corresponda das incidencias ocorridas durante o desenrolo das actividades.
- Traslado, custodia, bo uso e devolución do material que se lle facilite.
- Participar na organización de xornadas de promoción deportiva, que programe o servizo municipal de deportes.

Quenes desempeñen esta función deberán reuni-los requisitos de idade e coñecementos mínimos esixidos pola Federacións respectivas ou Organismos competentes, segundo as persoas participantes en cada actividade.

6º.- FUNCIONAMIENTO.- Con carácter xeral programaranse xuntanzas periódicas coa Dirección do Servicio Municipal de Deportes para o seguimento, control e avaliación das actividades.

7º.- OBRIGAS DO CONTRATISTA.- Os adxudicatarios dos servicios, fixarán en coordinación coa dirección do SMD as datas e horarios das clases, atendendo ó seguinte baremo:

- X. Rítmica: DIAS: De luns a sábado. Duración da clase: 60 minutos. RATIO ALUMNO/CLASE: 20 alumnos/clase. 3 SESIONS semanais por clase.

- Aerobic: DIAS: De luns a sábado. Duración da clase: 60 minutos. RATIO ALUMNO/CLASE: 40 alumnos clase. 3 SESIONS semanais por clase.

En ambos casos a ampliación dunha clase mais estará supeditada a que o RATIO ALUMNO/CLASE sexa superado por 10 alumnos mais.

Os horarios serán fixados de mutuo acordo entre o adxudicatario e a dirección do S.M.D., segundo a dispoñibilidade da instalación e en cumprimento do regulamento sobre uso das instalacións deportivas municipais (BOP, 12 de Xaneiro, 1996).

Tendo en conta a actividade a realizar, o adxudicatario coidará a boa presenza e comportamento correcto, dos participantes nas actividades.

O Concello de Ribadavia poderá comprobar en calquera momento o cumprimento da lexislación e normativa que sexa de aplicación, comunicando ó adxudicatarios as anomalías e incidencias que se observen para a súa inmediata corrección.

8º.- FACTURACION.- Os servicios efectivamente realizados durante cada mes natural presentaranse en factura por duplicado na intervención do Concello de Ribadavia.

a) Os servicios non realizados por causa imputables ó Concello serán aboados ó 100%.

b) O resto serán asumidos polo adxudicatario.

c) Soio se facturarán os traballos realizados por impartición

das clases segundo se establece no punto 7º, e en ningún caso se facturará por asistencia a competicións, torneos, exhibicións, etc., nas que poda tomar parte a Escola Deportiva.

9º.- REQUISITOS DOS OFERTANTES.- Poderán presentar oferta todas aquelas persoas físicas ou xurídicas, asociacións ou entidades deportivas, capacitadas para a prestación do servizo.

A persoa, empresa, entidade ou asociación ofertante, deberá estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas correspondente á actividade a desenrolar, ou comprometerse a acreditarlo nun prazo de 10 días dende á adxudicación como requisito indispensable para iniciar o servizo.

10º.- CAUSAS DE RESCISION. -Deixación das funcións definidas no punto quinto.

- Non cumprir os prazos, omitir ou emprender accións que afecten ó servizo ou prexudiquen a imaxe do Concello.
- Eludir as inspeccións, non a porta-los documentos ou informacións que se lle requiran sobre o desenvolvemento das actividades ou dos requisitos que debe cumprir-lo/s adxudicatario/s respecto da lexislación vixente ou o presente prego.

11º.- PROPOSICIONS.- Os interesados deberán presentar a súa oferta no Concello de Ribadavia, dentro do prazo de trece días naturais a partir do seguinte día ó da publicación do presente prego no B.O. da Provincia, no Rexistro Xeral do Concello de nove a catorce horas.

A oferta conterá:

- Declaración expresa de estar enterados e aceptar as condicións do presente prego.
- Prezo ofertado para realizar o servizo que poderá manter o prezo base ou o que estimen oportuno.
- Persoal, medios e experiencia en servizos similares.
- Calquera outra documentación referencia ou memoria que permita unha mellor avaliación da oferta.

12º.-CRITERIOS DE ADXUDICACION.- Valoraranse os seguintes:

- Capacidade técnica, capacidade cualificación e experiencia.
- En caso de que houbera melloras dos servizos, estas tamén se avaliarán como criterio.
- Prezo ofertado respecto ó prezo base que figura no anexo I.
- Ser residente no Concello de Ribadavia.
- Haber prestado servizos con anterioridade no Ilmo. Concello de Ribadavia.

13º.- CELEBRACION DO ACTO DE LICITACION.- A apertura de plicas celebraráse na casa do Concello, ás doce horas do día seguinte hábil a aquel no que remate o prazo de presentación de proposicións trala constitución da mesa de contratación no día e hora sinalados baixo, a presidencia do Sr. Alcalde ou membro da corporación en quen delegue e coa asistencia do Secretario da Corporación ou persoa que o substitúa, que será quen dea fe do acto.

14º.- NORMAS DO CONTRATO.- Para todo o que non estea establecido no presente prego do condicións, estaráse ó disposto na Lei 13/1995, do 18 de Maio, no R.D.L. 781/1986, do 18 de Abril, e demais normas concordantes e complementarias.

MODELO DE PROPOSICION:

D./Dna. ... con D.N.I. (ou CIF) nº ....., con enderezo en...., informado do anuncio e prego de condicións que rexen a contratación por procedemento aberto en trámite de urxencia da prestación dos servizos de profesores de Ximnasia Rítmica e Aerobic das escolas municipais correspondentes, comprométome a presta-lo servizo de profesor de ....(Ximnasia Rítmica, aerobio ou ámbolos dous) pola cantidade de ....( en letra e número) pts., impostos incluídos, e a tal efecto achego a documentación esixida.

Asemade, declaro baixo a miña persoal responsabilidade coñece-lo Prego de Condicións que rexe esta contratación de servizos e tamén declaro non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade para optar ó presente contrato.

ANEXO I.-

ESPECIALIDADE	PREZO BASE
Ximnasia Rítmica	2.700 pts./hora.
Aerobic	3.600 pts./hora".

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non se formularon.

E sendo as oito menos cuarto do serán, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.